



UN MUNDO PERDIDO: OS ZO'É

No territorio amazónico, que ten unha extensión aproximada á de Europa, viven ou sobreviven uns 400.000 indios repartidos en 225 etnias, 15 das cales contan con menos de 50 membros; entre eles, o pobo indíxena dos Zo' é (tamén coñecidos coma Zo' e ou Zoe), que son unha tribu nativa do Brasil, localizada na zona norte de Pará, na terra indíxena cuminapanema e da que quedan moi poucos individuos (arredor duns 242), que entraron en contacto coa nosa civilización en 1991 e que demostraron claramente que non lles interesaba.

Unha cultura que non ten escritura, nin vestixios que poidan esclarecer o seu pasado e antigüidade. O seu nome significa “nós”, porque entre os Zo' é non existe tanto conciencia de individuo, coma de comunidade que vive en perfecta harmonía coa natureza.

Usan unha **lingua** da familia lingüística “**tupi-guaraní**”.

Nos seus **atavíos** destaca o “**poturu**”, unha peza de madeira que atravesa o beizo inferior de todos os membros da tribu desde os 6 anos nos nenos e desde os 7 nas nenas. Aínda que non saben moi ben de onde procede a tradición, utilízana coma signo que os diferencia doutras tribus. Comeza sendo de pequeno tamaño e aumenta pouco a pouco ata acadar as 7 pulgadas ó chegaren á idade adulta. As mulleres adornan a cabeza con **diademas de fermosas e suaves plumas brancas**.

Preto das súas aldeas teñen grandes **plantacións** de iuca, plátanos, patacas doces, mandioca e urucun; e da selva recollen castañas, pementos e tubérculos variados.

Os pais **evitan** sempre calquera **padroado sobre os seus fillos** para que aprendan máis rápido dos seus propios erros, e nunca os castigan, salvo en casos excepcionais.

Son un **pobo pacífico** ata o sublime. Cando un individuo do grupo se sente agresivo, dálle tanta vergoña, que se escapa á selva e permanece alí ata que se calma.

Se o enfado é menor, os demais, sempre sen utilizar a brutalidade, déitano no chan e inmovilizano mentres unha muller da tribu lle fai cóxegas na barriga ata facelo rir, rematando todo nunha gargallada xeral.

Non teñen xefe, nin chamán. Entre eles e elas, a experiencia merece todo o respecto, e o saber transmítese a todo o grupo, sen exclusividade, porque o cren un ben colectivo. Son os máis anciáns os encargados de realizar os rituais do grupo, como os de purificación.

Practican a poliandria e a poligamia, porque conciben a estrutura familiar aberta, e nela coidan dos cativos e dos anciáns.

Son risoños, viven sen angustia, realizan tarefas cotiás (cazan, pescan, fan cestos, afían frechas...), que non consideran traballo, nin obrigacións, senón disfrute, como cando xogan, cantan, se adornan, ou simplemente observan o seu contorno, sen estaren pendentes da hora, nin sentir aburrimiento.


Na súa lingua non existe a palabra “grazas” porque dan espontaneamente; tampouco existen a cobiza, nin os celos. Son solidarios por natureza e gardan un preciso e xusto equilibrio entre necesidade e satisfacción. Toman da natureza só o que precisam, e reciclan, aínda sen sabelo, cando reparan os seus arcos ou a súa hamaca, que é o seu único mobiliario, cando esta se desgasta.

Posiblemente teñen máis que ensinarnos, que nós a eles.

Os Zo' é **non se preocupan polos seus dereitos internacionais**; de feito, nin sequera saben que son brasileiros.

Os **contactos coa nosa civilización** (actualmente tan só hai 50 grupos cos que non se estableceu ningún contacto), **foron sempre nocivos** para os nativos: enfermidades, obxectos novos introducidos no seu modo de vida, que lles crean novas necesidades e novos comportamentos que modifican a súa cultura. Cada unha destas cousas é outro cravo para o seu ataúde.

Protexelos é unha tarefa tanto do goberno brasileiro como da comunidade internacional. Do contrario, os Zo' é desaparecerán, como o fixeron centos doutras tribus nativas americanas desde que Colón desembarcou en América. Naquel momento eran 6.000.000 de indios, hoxe 400.000; entón falábanse preto de 1.300 linguas, mentres hoxe subsisten apenas 181.



Débese, por tanto, respectar o dereito ó illamento destes núcleos de poboación indíxena illados e proporcionarlles para iso protección.

Brasil é nestes momentos o país que ten a política máis avanzada neste sentido de protección, xa que se deron conta da esaxerada e avanzada depredación que se está a dar no seu territorio amazónico.

Realmente chama a atención o feito paradóxico de que se esperase ata o século XXI para preocuparse pola supervivencia dos pobos indíxenas illados, cando os animais en vías de extinción son moito mellor protexidos e gozan de dereitos que se lles negan ós indíxenas.

Cada vez que desaparece un destes pobos, non só desaparecen os seus individuos (o que é algo moi serio), senón que con eles se perden a súa lingua, o seu saber e a súa cultura, que poden verse extintas incluso antes de seren coñecidas, como pasou con moitos pobos durante os últimos cinco séculos, dos que se perderon os seus costumes, os seus rituais, as súas linguas e os seus cantos, que nunca foron, ni serán escoitados xamais.

A antropoloxía, que, en teoría, debería contribuir ó coñecemento e conservación destes pobos, na realidade, moitas veces non axudou demasiado, senón que, pola contra, tivo intervencións bastante irreflexivas e de grande impacto sobre eles (ex: a antropóloga Dominique Gallois, que nos anos 90 usou o vídeo coma instrumento de intervención para os seus estudos etnolóxicos. Chegou a dotar a algunhas tribus de cámaras de vídeo, ensinándolles a usalas para que se gravasen a si mesmos nas súas tarefas cotiás, que posteriormente ela estudaba, con todo o que iso supuxo de forte impacto para estas comunidades).

Moitas veces os Estados non son conscientes de que os contactos con estes pobos poden provocar neles grandes problemas e ata a súa extinción, como sucedeu en 1988 co pobo Nukak, no que morreu aproximadamente a metade da súa poboación (centos de persoas).

Hai que respectar e incluso axudar a fuxir e a esconderse a aqueles pobos que aínda queren permanecer ocultos.

É evidente que o contacto, tarde ou cedo, se fará inevitable, pero a idea imperante hoxe é que sexan eses pobos os que teñan tanto o dereito como a posibilidade de elixir o momento dese contacto, se así o desexan.

Hoxe en día as maiores ameazas que reciben proceden do cobizoso mundo consumista e das súas empresas dedicadas á explotación de hidrocarburos e recursos hídricos, forestais, agropecuarios e hídricos, ou á realización de proxectos viais, que conseguen a privatización dos recursos naturais (augas, bosques, biodiversidade) e viven das actividades ilícitas ou ilegais que non se pararon ou foron mal reprimidas (extracción forestal, narcotráfico, minería, extracción de fauna e flora), da deforestación acelerada, da colonización incontrolada, da presenza de axentes humanos externos procedentes de axencias turísticas, grupos científicos, misioneiros, empresas de cine e televisión, e aventureiros varios, como os que buscan “El Dorado” en Perú.

Todos os Estados deberían respectar, segundo os convenios internacionais e nacionais vixentes, a inviolabilidade dos territorios establecidos para os pobos indíxenas e, en particular, dos pobos illados. O contrario sería unha ilegalidade e, o que é peor, un xenocidio consentido por toda a comunidade internacional, que permitiría facer destes pobos o que Norteamérica fixo cos seus indios: expulsalos dos seus territorios para reducilos a reservas, cambiar a súa forma de supervivencia e de vida, acabando coa súa cultura e coa súa dignidade como persoas.

Cada árbore que se tala no Amazonas, cada metro de estrada que se constrúe sobre o que antes eran sendas de animais ou rutas de caza, cada pinga de petróleo que se extrae aburataando a terra sen piedade ou de auga que se retén en enormes presas que inundan os territorios dos indíxenas, é un paso máis cara á súa desaparición. E iso forma parte dunha cadea da que tamén nós somos un elo. A este paso, a selva agonizará e con ela desaparecerán os últimos homes e mulleres libres da terra, e ese será o último aviso para a nosa propia desaparición.

Nas nosas mans está a solución. En cada un dos nosos comportamentos e actos de consumo individual e colectivo.